

CIRCULAR INFORMATIVA: COMEDOR ESCOLAR PARA O CURSO ESCOLAR 2022-2023

Seguindo o disposto na *INSTRUCCIÓN 3/2022, DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DO 1 DE XUÑO, SOBRE FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES DE XESTIÓN INDIRECTA NO CURSO ESCOLAR 2022-2023*, informamos de que se abre o prazo de **reserva de praza no comedor escolar para o curso 2022-2023**.

➤ Solicitudes:

Xa se poden recoller no centro ou descargar da páxina web as solicitudes para facer uso do comedor para o curso 2022/23.

➤ Documentación :

1. **Certificado do Padrón municipal actualizado** no que figuren todos os membros da unidade familiar que convivan nel. A data de alta no domicilio debe ter unha antigüidade mínima dun ano.
2. **Autodeclaración (Anexo II)**. (A recoller no centro ou descargar da páxina web coa solicitude).
A Documentación pódese descargar na páxina Web do centro.
3. **Documentación xustificativa para a selección de usuarios** (contrato ou certificado de empresa co horario laboral, certificado de estudos de alumnado en prácticas, certificado de discapacidade ou familia numerosa, informe de situación de risco de exclusión...)

➤ Número de prazas máximas autorizadas e concedidas: 113

➤ Selección de usuarios:

Para a selección de usuarios establécese a orde seguinte de preferencia:

1. Alumnado usuario no curso anterior (*sempre que acrediten estar na mesma situación*).
2. Alumnado en situación de exclusión social ou con discapacidade igual ou superior ao 33%.
3. Alumnado membro de familia numerosa, acreditado co correspondente carné.
4. Conciliación familiar e laboral do pai e nai ou titores legais.
5. Alumnado escolarizado fóra da área de influencia no centro.

➤ Prazos:

Entrega de solicitudes: **dende o 1 ata o 11 de xullo ámbolos dous inclusive** na Dirección ou Secretaría do centro dende as **10:00 ata as 13:00 h.**

Publicación listaxe provisionais admitidos: **1 de setembro de 2022.**

Reclamacións: **ata o 5 de setembro inclusive.**

Publicación listaxe definitiva: **7 de setembro de 2022.**

➤ Importante: *Causa de baixa no servizo:*

Pódese causar baixa por:

- ⌚ Non estar ao corrente dos pagos: non se poderá facer uso do comedor mentres non se regularicen os pagos pendentes.
- ⌚ Non asistir durante un mes de xeito continuado coa frecuencia solicitada agás causas debidamente xustificadas ante a Dirección.